

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR COLEXIO HERMANOS QUIROGA
CURSOS: 1º-2º-3º-4º-5º-6º PRIMARIA
MATERIA: Inglés
DOCENTE: Nieves Fernández

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

2.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 1º

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase (título, paxinación, etc.).
2. Utiliza dicionarios de imaxes.
3. Relaciona correctamente palabras escritas coa imaxe correspondente.
4. Utiliza as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para iniciarse na lectura.

- Comprende textos escritos relativos a números e cores.
- Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

1. Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente.
2. Escribe cartas ou tarxetas nas que felicita a alguén a partir dun modelo, copiando algunhas palabras básicas e incluíndo debuxos ou fotografías.

2.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 2º

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase (título, paxinación, etc.).
2. Utiliza dicionarios de imaxes.
3. Relaciona correctamente palabras escritas coa imaxe correspondente.
4. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para iniciarse na lectura.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

- Escribe palabras e expresións traballadas oralmente.
- Mostra interese por escribir palabras ou expresións coñecidas en inglés.
- Escribe frases sinxelas utilizando o vocabulario e as estruturas da unidade.
- Utiliza adecuadamente os símbolos ☒ e ☐ para elixir opcións en formularios.
- Escribe palabras e oracións sinxelas.
- Realiza adecuadamente xogos de léxico con material impreso ou dixital.

2.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 3º

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. Formula hipóteses sobre o contido de textos sinxelos partindo dos seus coñecementos previos, das ilustracións, do título, dos elementos gráficos, etc.
2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús ou anuncios.
3. Comprende unha secuencia moi breve e sinxela de instrucións para realizar p. e. unha receita moi sinxela.
4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias moi breves e artigos de revistas infantís que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (animais, deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

1. Completa formularios marcando opcións e completando datos ou outro tipo de información persoal (p. e. gustos, títulos de contos lidos, opinións, etc).
2. É capaz de construír textos narrativos sinxelos partindo de modelos e/ou de estadas moi estruturadas.
3. Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos) na que felicita a alguén, ou fala de si mesmo e do seu contorno inmediato (familia, amigos, obxectos, lugares).

2.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 4º

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

1. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, etc.
2. Comprende información básica en letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
3. Comprende instrucións sinxelas por escrito asociadas a accións e a tarefas escolares.
4. Comprende correspondencia (correos electrónicos, postais e cartóns) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. ex. un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, etc.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

1. Completa formularios marcando opcións e completando datos ou outro tipo de información persoal (p. ex. pasaporte das linguas, gustos, título dun conto lido, opinións, etc.).
2. Escribe cun modelo correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, actividades cotiás, obxectos, lugares).
3. Constrúe textos narrativos sinxelos reproducindo estruturas e/ou esquemas previamente traballados e servíndose dun modelo.
4. Escribe, baseándose nun modelo, textos breves de carácter informativo sobre temas tratados oralmente na clase coa preparación do vocabulario e expresións básicas.

1.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 5º

2. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

1. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, etc.
2. Comprende correspondencia (correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e simple que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.
3. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas sempre e cando a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics, etc.).
4. Comprende o esencial de noticias breves e artigos de revistas infantís que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

3. Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

1. Escribe cun modelo correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, ou fala de si mesmo e do seu contorno inmediato (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares).
2. Constrúe textos narrativos simples reproducindo estruturas e/ou estadas previamente traballadas.
3. Escribe, baseándose nun modelo, textos breves de carácter informativo sobre temas traballados previamente.

2.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES 6º

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.
3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e cartóns) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. ex. un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.
4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de computador).
5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais, coa condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento lecturas adaptadas, cómics, etc.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

4. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (p. ex. para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).
5. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

2. Avaliación e cualificación

Criterios da Avaliación e Cualificación do Departamento de Linguas Estranxeiras

INGLÉS 1ºEP, 2ºEP, 3ºEP

a) Avaliación do 3º trimestre

Dado que todos os alumnos de estos cursos, acadaron unha avaliación positiva na primeira e segunda avaliación, a nota da terceira será a media das dúas anteriores, tendo en conta a entrega de exercicios de repaso, que servirá para subir a nota 1 punto naqueles casos que se poida, pero nunca para baixar a media acadada polo alumno na 1º e 2º avaliacións.

INGLÉS 4ºEP, 5ºEP, 6ºEP

a) Avaliación do 3º trimestre

Para a avaliación do 3º trimestre empregaranse fichas de exercicios de repaso e reforzó do 1º e 2º trimestre que servirán de recuperación para aqueles casos que non acadaron o aprobado durante as clases presenciais.

Estas fichas de exercicios deberán ser entregadas ao profesor na data indicada e un 80% dos exercicios completados correctamente.

E obrigatoria a entrega de todas as fichas para poder superar a materia.

- Alumnado co 1º e 2º trimestre aprobados e con todas a fichas entregadas correctamente.
A nota do 3º trimestre consistirá na media aritmética do 1º e 2º + 1 punto polas fichas.

- Alumnado co 1º e 2º trimestre aprobados e con todos os boletíns entregados correctamente

A nota do 3º trimestre consistirá na media aritmética do 1º e 2º + 1 punto polas fichas.

- Alumnado co 1º e 2º trimestre aprobados e con boletíns non entregados ou entregados con menos do 90% de exercicios correctos

A nota do 3º trimestre consistirá na media aritmética do 1º e 2º

- Alumnado cun trimestre aprobado e outro suspenso e con todos os boletíns entregados correctamente

O 3º trimestre terá unha cualificación positiva pero nunca poderá ser superior a ningunha das notas obtidas nos anteriores trimestres

- Alumnado cun trimestre aprobado e outro suspenso e con boletíns non entregados ou entregados con menos do 90% de exercicios correctos

Se o trimestre aprobado é o 2º, automaticamente o alumno obterá na 3º avaliación a mesma nota que no 2º trimestre

Se o trimestre aprobado é o 1º, o alumno obterá a mesma cualificación negativa que obtivo no 2º trimestre

- Alumnado cos 2 trimestres suspensos mais con todos os boletíns entregados correctamente

Nestes casos, a nota do 3º trimestre será positiva mais nunca superior a 5. Exemplo:

1º trimestre: 3

2º trimestre: 3

3 trimestre: 5

- Alumnado cos 2 trimestres suspensos e con boletíns non entregados ou entregados con menos do 90% de exercicios correctos

A cualificación deste alumnado será negativa, sendo a nota do 3º trimestre igual á nota máis alta obtida nun dos trimestres anteriores. Exemplo:

1º trimestre: 3

2º trimestre: 1

3 trimestre: 3

b) Cualificación final

No Departamento de Linguas Estranxeiras, consideramos que o estudo dun idioma é un proceso continuo, formativo e global polo que a cualificación final será a mesma que a cualificación do 3º trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

- **Actividades:** Fichas de exercicios, tanto de vocabulario como de gramática, de repaso e reforzo dos temas dados no 1º e 2º trimestre.

- **Metodoloxía:** Todos os alumnos da clase teñen acceso a internet por wifi ou cos datos dos teléfonos móbiles. As fichas de exercicios seralles entregado polo titor mediante o método elixido por cada un deles (correo electrónico, whatsapp,). As fcihas de exercicios están en formato Word para que ningún alumno teña problemas á hora de abrir os documentos e poden ser cubertos na libreta ou no propio documento.

Unha vez a semana, o alumnado recibirá as fichas e terá unha semana para devolverllo cuberto ao profesor a través do seu correo electrónico ou do seu whatsapp Fóra deste prazo, non se recolle ningún traballo.

- **Materiais e recursos:** Todos os materiais serán entregados polo profesor a través do titor. Neste caso, serán fcihas de exercicios en formato Word.

4. Información e publicidade

- **Información ao alumnado e ás familias:** Toda a información será remitida aos alumnos a través do titor. O profesorado porase en contacto co respectivo titor para transmitirle a información que considere oportuna e relevante dos alumnos e alumnas e este será o encargado de informalos.

Esta información será transmitida tanto ao alumnado como ás súas familias mediante o método que cada unha delas elixira e que previamente lle comunicara ao titor: correo electrónico, whatsapp ou directamente chamada telefónica.